

## CRÓNICAS MECAS

Por: José Taboada García



### “ONS NA MEMORIA”

Era alá polos anos dous mil e no verán a Illa de Ons enchíase de visitantes. A maioría íanse ao caer a tarde. Outros quedaban, algúns botaban alí un mes ou máis. Quedábanse no cámping, en casas que alugaban, en habitacións,...

Todos estes visitantes asiduos, máis os illáns, os camareiros, os de M. Ambiente, ..., eramos case unha familia ben levada.

Moitos destes visitantes, eran afeccionados á música. Púñanse tocar na terraza de Checho, arredor da mesa de pedra, con gaitas, zanfónas, violíns, bombos, tamborís, pandeiros, ... Tense xuntado máis de vinte tocando xuntos, e sen desentoar. Ao son desta música, outr@s botábanlle uns bailes, sempre ben executados.

Sen esquecernos da orquestra “A Illa é Nosa”, que tiña gaita, bombo, tamboril, saxofón e acordeón. Que actuacións, na de Acuña, no Pirata, no Chiringo e na de Checho!!!

A fama de Ons traspasara fronteiras. Viñan de Alemaña, Italia, Bélxica, Brasil, ... Facíanse vodas, despedidas de solteir@s, aniversarios, carnaval de verán, ...

Despois da cea, toda esa xente quería festa. Diso encargouse a de Checho, que puña luces vermellas, música, ..., e o bar, pasaba a ser discoteca. A festa duraba, ás veces, ata o día. Logo varrían e fregaban, para que todo estivese ben para os clientes da mañá.

Un día, o primeiro cliente que entrou foi un home duns cincuenta anos que, a vulgar pola pinta, non semellaba ter problema económico. Achegouse á barra e preguntoulle a Pepiño:

- Non fregaría vostede onte?
- Pois si. – Díxolle.
- E, non atoparía mil euros?
- Todo o que atopei foi un céntimo que aínda está alí, enriba da máquina do tabaco.
- Cullóns!!! Perdo o capital, máis recupero os intereses. – Díxoa ao mesmo tempo que collía o céntimo e o metía no peto.
- Vostede debe ser catalán? – Díxolle Pepiño con sorna.
- Pois si, claro. Descubriume polo acento, non?
- Polo acento non, polo céntimo!!!

Mentres o catalán pensaba para si: “Xa vou entendendo a retranca galega”.



Músicos tocando na mesa de pedra de Checho



Algúns dos membros da orquestra internacional “A Illa é Nosa”

### “O LIGÓN”

Había un mozo nun pobo que tiña fama de moi moceiro. Sempre andaba acompañado de mozas bonitas, polo que espertaba envexa para moitos dos seus veciños e admiración para outros.

Tanto era así, que o seu curmán, Pedro, un rapaz duns dezasete anos, foille preguntar como facía para mocear tanto. Respondeulle que:

- Con papel de *ligar*!
- Con papel de *ligar*?

- Si.
- E. onde o venden?
- Na ferraxería,
- Pídese así: Papel de *ligar*?
- Máis ou menos.

Pedro, xa sen pensalo, foi correndo a mercado.

- Que queres? – Díxolle o ferraxeiro.
- Papel de *ligar*.
- Do goso ou do fino?
- Cal é mellor?
- Depende, o goso rasca máis, o fino da mellor acabado.
- Pois, do fino.

O sábado, foise á discoteca con dous amigos. Arrimáronse á barra e pediron unhas cervexas. Achegouse tamén Mariña, moza moi fermosa, que ese día levaba unha saia moi curta. El meteu a man no peto, colleu o papel de lixa e pasoullo polaperna.

A moza, montoulle unha liorta, que tivo que irse por pernas. Foille contar o acontecido ao seu parente. Este díxolle:

- Pero ti calamidade! Non sabes que o papel de lixa é para a madeira. – Respondeulle.
- Menos mal que pedín do fino!!!. – Pensou.

## “O BURATO DO INFERNO”

É o Burato do Inferno un dos lugares máis visitados da Illa de Ons. O mellor que ten o entorno. O mar, case sempre embravecido. As rochas alisadas polo paso do tempo. As vistas cara a Onza. O Miradoiro de Fedorentos. A mesa dos Pica-pedra. Os cantís,..., e máis cousas.

Xoán, é un namorado da Illa, dos que pasa nela longas tempadas, tan coñecido por todos os illáns, que para eles é xa uns máis.

Cando non sabe que facer, ou lle sobra tempo, fai unha andaina ata o Burato do Inferno.

Un día, estando alí mirando o mar, achegáronselle dúas parellas de forasteiros e empezáronlle a facer un montón de preguntas: Se vostede é da Illa?. Onde se pode comer ben e barato?. Se se pode mercar unha casa?. Cantos habitantes ten a Illa?. De que viven?. Este buraco, cantos metros ten?

- Corenta. – Respondeulle, xa canso deles, pois aquilo xa se asemellaba máis a un interrogatorio da *Gestapo* que unha conversa.
- E, como se fixo este buraco? – Díxolle o máis pesado de todos.
- Fíxoo Supermán, nun descanso dunha viaxe intergaláctica.
- E, como o fixo, cavando?
- Non, mexou e marcou territorio.
- E, non fixo nada máis?
- Si, antes de irse, para alixeirar peso, largou os gases sobrantes polo traseiro e fixo a Illa de Onza, que está aí.
- E, non volveu máis?
- Non, prohibíronlle a entrada.

Xa, cando se ía achegándose o cativo que estaba con eles e díxolle se o de Supermán fora verdade. Contestoulle:

- Ti cóntao moitas veces e faise realidade.



Buraco do Inferno. Arriba, á esquerda, a Illa de Onza.  
Ao fondo, a siluea das Illas Cíes